

A CARÓN DUNHA ILUSIÓN

Cando un ano máis o trasno do Nadal peta ás miñas portas e acéndese no meu corazón a chama do espírito navideño, volta o meu maxín a lembrarse daquel fermoso paraíso de Begonte nado coma a miña ledicia a carón dunha ilusión.

O meirande desexo de paz xermola tamén á beira de pequenas obras que tódolos fogares artellamos con sinxeleza para agarimar de perto o misterio do nacemento de Xesús.

O trasno gaiofeiro do nadal viaxa e pervive dende o ano 1972 na vila de Begonte para mobilizar e xungui-los anceios dos viciños e amosar a miles de visitantes as belezas da súa creatividade e do seu talento saen ano tras ano nas escenas típicas e poderosamente representativas da nosa Galicia, que xunto coas escenas bíblicas da arte belenística acadan a vivencia máis xenuina e fantástica que ninguén se pode imaxinar.

E velaí as innovacións recentes que agardan ós curiosos que alí se acheguen, unha nova distribución que conta coa presencia do lagar onde se fai o viño e tamén a queimada, ese ritual fermoso que engaiola a tódolos galegos cando ferve a auguiña amorosa, facendo fuxi-las meigas e os malos espíritos; o trásfego do liño, fielmente representado en tódalas súas etapas.

Un episodio artístico da nosa historia cheo de miniaturas feiticeiras dotadas de actividades e ritmos peculiares e característicos, imitando con precisión e exactitude os ancestrais oficios, costumes e tradicións da Nosa Terra. Nun pendello a carpintería onde o carpinteiro repasa unha táboa coa súa garlopa, o afiador de Ourense dalle á moa con xeito, o alfareiro modela a peza con paciencia, os troiteiros no río Ladra lanzan a súa cana agardando un bo agasallo, os maderistas abalan as árbores do monte, o cesteiros remata o cesto para vendelo na feira.

As tradicións florecen na armonía dos personaxes e ó lado das labouras doadas dos nosos devanceiros con fe e sabiduría popular e das que algunhas quedan no baúl das lembranzas, o tráfecho do liño, a matanza do porco, o magosto, xuntanzas dos nosos antepasados das que saían as cantigas rebuldeiras que aleaban o seu quefacer cotián.

A contemplación do Belén é unha lección maxistral e ilustrativa que nos convida a coñecela nosa cultura no auténtico país das maravillas.

E por outra banda é unha lección de cooperativismo na arte do belenismo na que se suceden a tradición e as innovacións técnicas e electrónicas más modernas do momento.

Sen paixón pola miña parte, mais con admiración fastuosa semella coma un vagalume que ofrece a súa chispa para alumear e vislumbrar a imaxinación desbordante que teñen os autores do mesmo, para dar vida ás figuriñas que o compoñen.

E con este vagalume comenza a función... intres de fantasía e emoción...

Axiña vai morrendo o día e o luceiro da noite fai a súa aparición, acéndense con furor as luces nos pendellos e nas casas labregas de cantería. A continuación fan o seu estreno alucinante os fenómenos meteorolóxicos no horizonte, a treboada e os lóstregos invaden a encantada paisaxe de luar.

Primeiro a tempestade e logo a gloriosa calma espárcese polo ceo co anuncio da bélida Nova a cargo dun anxo branquiño que brinca de seo. Todo rebule de mil xeitos e aquel pobo evanxélico de Xudea na ficción, vislumbrado con naturalidade e perfección, impulsa ós Reis Magos de oriente no seu camiño para chegar ó portal.

A xente durme agardando a nova. Proseguen os intres de ilusión... Pasenxamente alborrea o día e de novo voltan a vida e o lecer, as figuriñas collen pulo e alento para maravillar e sorprender ós visitantes e curiosos, agarimados polas panxoliñas que docemente resoan no local social “Xosé Domínguez Guizán” da vila.

Xa remata a niña ilusión e coido que esta estampa artística humilde, pero grandiosa sempre, ten azos para subir ó cumio da popularidade na terra Meiga, e acada nesta ocasión as dúas caras da moeda: a constancia e maila indescriptible creatividade para conquista-lo mundo enteiro, amosando a identidade e os valores propios de todo un pobo da Terrachá e da súa arte sen igual.

O Belén ten tamén dous embaixadores exemplares, que levaron a nova ó ceo, o seu fundador D. Xosé e maila colaboradora especial Teté. Os dous aléntano co seu exemplo inmemorable e nós aquí loitamos polo espallamento da súa e a nosa meirande obra.